

# PROGRAMACIÓN MATEMÁTICAS B 4 ESO

## RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

UD	Título
1	Números reais
2	Ecuacións e sistemas de ecuacións
3	Inecuacións e sistemas de inecuacións
4	Introducción á trigonometría
5	Aplicacións da trigonometría
6	Xeometría analítica
7	Funcións
8	Funcións elementais
9	Combinatoria e probabilidade
10	Estatística
11	Matemáticas para a vida en sociedade

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

### Crterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 85% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas. O 15% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

Cada alumna/o que non supere a primeira ou a segunda avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada. Antes da avaliación final tamén haberá outra oportunidade de recuperar estas avaliacións se aínda quedan suspensas, así como a terceira avaliación, que non tivera outra ocasión para recuperarse.

## **PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

O plan de recuperación do Departamento consistirá en:

Informar ós alumnos, durante o mes de outubro, das características deste plan, que contemplará os contidos e mínimos impartidos no curso anterior.

Facilitar material complementario de repaso dos contidos da materia pendente, fundamentalmente fichas de exercicios e problemas (con ou sen a súa solución).

Estes exercicios serán orientativos dos que logo se inclúan nas probas escritas. Este material será entregado a cada alumno cando o departamento teña o listado de pendentes.

Fixar con antelación suficiente -alomenos dúas semanas- as datas das probas escritas. Atender na hora de atención a alumnos as dúbidas sobre os exercicios entregados.

Atender, cando os alumnos o demanden, en citas que poidan arbitrarse con eles, as dúbidas máis fondas ou as que requiran máis tempo para a súa explicación e aclaración.

Así pois, para facilitar a recuperación da materia pendente, os alumnos/as deberán entregar os exercicios nas datas fixadas polo departamento e realizar dúas probas escritas parciais ordinarias ó longo do curso: unha en Xaneiro- Febreiro e outra en Abril-Maio, procurando que non coincidan as datas cos períodos de avaliación do curso. A nota decada proba calcularase da seguinte maneira:

Proba escrita: 40%

Exercicios que teñen que entregar: 60%

O alumnado que teña unha media de 5 ou máis, terá a materia pendente superada.

O alumno que non supere a materia pendente no mes de maio poderá presentarse á proba final no mes de xuño (neste caso non haberá dúas partes diferenciadas na proba).